



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE XANEIRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1823/2015.- MANUELA DOLORES MARTÍNEZ GONZÁLEZ.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de edificación para 4 apartamentos turísticos na rúa da Raíña, 9.

LAP/173/2017.- GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S. A.- Conceder licenza de obras para instalación dunha estación de subministro de gas natural na Vía La Cierva, 34 (Mercagalicia).

LIC/1924/2017.- ERNESTO REY SALGADO.- Conceder licenza para executar obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa dos Chouchiños, 33.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de rehabilitación de edificación para 4 apartamentos turísticos na rúa da Raíña, 9. LIC/1823/2015. Apróbase a proposta

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para instalación dunha estación de subministro de gas natural na Vía La Cierva, 34 (Mercagalicia). LAP/173/2017. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa dos Chouchiños, 33. LIC/1924/2017. Apróbase a proposta

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á aprobación provisional da modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), para a ampliación de usos no EM-9 (Seminario Menor – Belvís). Apróbase provisionalmente a modificación puntual do Plan Especial para incorporar o novo uso de albergue turístico de peregrinos no Seminario Menor.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á resolución da relación contractual coa empresa REPSOL PRODUCTOS PETROLIFEROS SA para construción e xestión da área de servizo da Rocha; esixencia de responsabilidades e prazo para alegacións. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á ampliación da zona de residentes 8. Pelamios-Vista Alegre. Acórdase que a veciñanza residente do edificio da avenida de Castelao 42-44-46 pasen de pertencer á zona de residentes 8 (Vite-Guadalupe) á pertencer á zona de residentes 2 (Pelamios-Vista Alegre)

8.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de novas estadias técnicas e residencias de creación artística para proxectos de artes escénicas para o curso 2018-2019 do concello de Santiago. Acórdase a aprobación das seguintes

residencias de creación e estadías técnicas para proxectos de artes escénicas na Sala Agustín Magán de Santa Marta:

_Compañía La Vela, co proxecto "El último que apague la luz": do 25 ao 29 de marzo, do 15 ao 20 de abril, e do 13 ao 17 de maio.

_Produccións Teatrais Excéntricas, co proxecto "Carpe Diem": do 18 de xaneiro ao 1 de febreiro

_Compañía La Incidente D-T, co proxecto "La Mozart": do 25 de febreiro ao 1 de marzo

_ACUSMASER, co proxecto "O montacargas"; do 3 ao 21 de xuño

9.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a fundación Refuxio de Animais para obras de mantemento e mellora das súas instalacións. Dase conta da sinatura do convenio, que contempla unha achega do Concello de 60.478,79 euros para a execución das obras de mellora do Refuxio de Animais de Bando.

10.- Dar conta pola concelleira delegada de Igualdade da transferencia da secretaría de Estado de igualdade para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o exercicio 2018, a executar en 2019. Dáse conta resolución pola que se achegan 18.051,08 euros ao Concello para o desenvolvemento de programas vinculados co Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática para dar conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago relativa á devolución de factura por servizos de asistencia xurídica. Dáse conta da sentenza e autorízase a interposición de recurso de apelación na súa contra.

2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA para o exercicio de 2019. apróbase a solicitude de subvención por un importe de 366.242,67 euros para a contratación dun total de 29 persoas perceptoras da RISGA.

3.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio 2019. Apróbase a solicitude de subvención por un importe de 10.578,82 euros para a contratación de dúas persoas para o programa de socorrismo nas praias fluviais de Chaián e O Refuxio.

4.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio dos trámites para a recepción das obras de mellora da accesibilidade na rúa Bispo Diego Peláez. Apróbase a proposta.

5.--Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio dos trámites para a recepción das obras de reurbanización da rúa das Cancelas no contorno da subestación eléctrica. Apróbase a proposta.